



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO CAMARIÑAS 2021

PRIMEIRO: DEFINICIÓN

As presentes bases e convocatoria teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para a concesión dos premios do Concurso de disfraces de Entroido Camariñas que se celebrará o martes 16 de febreiro de 2021.

SEGUNDO: PROCEDEMENTO

O concurso realizarase integramente online. Os participantes mandarán fotos ao departamento de Cultura do Concello de Camariñas mostrando a súa arte transformista. Coas imaxes recibidas, o Concello editará unha peza audiovisual que se emitirá o martes 16 de febreiro, polas canles de comunicación oficiais: a web camarinas.net e o perfís de Facebook e Youtube.

O concello de Camariñas anima á poboación a participar nesta iniciativa respectando as medidas sanitarias en vigor impostas para a COVID 19, co obxectivo de manter unha actividade tradicional e proporcionar unha alternativa de ocio familiar que pode desenvolverse en condicións de seguridade.

TERCEIRO: PARTICIPANTES

Os concursantes deberán xuntar unha fotografía do disfrace tanto por diante coma por detrás, para que o xurado poida valoralo no seu conxunto. Deberá acompañar unha breve descrición do disfrace na que se especifique: a categoría na que se presentan, o nome do disfrace, a idade do participante, o número de participantes, os datos da persoa de contacto.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

CUARTO: CATEGORÍAS E PREMIOS

O concurso de disfraces online terá tres categorías e todos os premios serán vales para consumo no comercio local. Cada disfrace poderá optar a un só premio.

Os premios por categorías son:

- Concurso infantil individual: poderán participar os nados a partir do ano 2008 (menores de 12 anos)

Premio aos 10 mellores disfraces infantís: 20€/disfrace

- Concurso individual adulto: poderán participar os nados antes ou durante o ano 2008.

Primeiro premio ao mellor disfrace: 100€

Segundo premio ao mellor disfrace: 75€

Terceiro premio ao mellor disfrace: 50€

- Concurso de disfraces familiar, poderán participar os membros da mesma unidade familiar ou conviventes, a partir de dúas persoas.

Primeiro premio: 300€

Segundo premio: 250€

Terceiro premio: 200€

Premio á participación: os 6 primeiros grupos en enviar as fotos familiares terán unha axuda económica de 15 euros por cada persoa participante ata un máximo de 75€ por grupo. Esta axuda non é acumulativa aos premios. Só aplicable á categoría "concurso de disfraces familiar" .



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

CUARTO: PRAZO DE SOLICITUDE

Estas bases e convocatoria publicaranse na páxina web do Concello de Camariñas.

O prazo de solicitude de participación comeza a partir das 9:00h do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria na paxina web do Concello de Camariñas e remata o 12 de febreiro de 2021 ás 14:00h. (Amplíase o prazo ata as 24:00 h do domingo 14 de febreiro)

SEXTO: VALORACIÓN

A valoración corresponderalle a un xurado formado por persoas designadas pola Alcaldía e un representante do Concello de Camariñas que actuará en calidade de secretario/a con voz pero sen voto. As decisións do Xurado serán inapelables. O Xurado pode deixar deserto algún premio.

O Xurado valorará os disfraces outorgando os premios en función da orixinalidade, vestiario, maquillaxe, utilización de material de reciclaxe e alusións á situación sanitaria que vivimos.

A decisión do xurado farase pública as 20:00h do día 16 de febreiro polas canles oficiais de comunicación.

SÉTIMO: INSCRICIÓN

As solicitudes de participación e as fotos enviaranse por correo electrónico ao Departamento de Cultura: cultura@camarinas.net ou WhatsApp 665 13 44 90



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

ANEXO 1

**SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO
CAMARIÑAS 2021**

D./Dna. _____ con DNI n^o

_____ /
endereço en _____ e teléfono

_____ /
actuando en representación de _____

EXPÓN:

Que acepta as bases do Concurso de disfraces Entroido Camariñas 2021,

SOLICITA:

A inscrición no concurso na categoría _____

co nome do disfrace: _____ Idade _____

número de participantes é de _____.

En Camariñas a ____ de _____ de 2021.

Asdo:

RA. ALCALDESA DO CONCELLO DE CAMARIÑAS